

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁ A CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO SIMPLIFICADO, Rehabilitación de camiños en zona de concentración parcelaria Concello de Muxía. Subvención Consellería Medio Rural 2024-2025 MR101L

1ª OBXECTO DO CONTRATO E XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE.

O artigo 25.2 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, atribúe aos municipios competencia en materia de infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade; e o artigo 26.1 a) desta norma establece coma servizos mínimos obrigatorios que deben prestar todos os municipios, os de vías públicas.

TRABALLOS A REALIZAR: Descríbense no proxecto .

División en lotes

Lote 1:Rehabilitación de camiños en zona de concentración parcelaria Ozón

Lote 2:Rehabilitación de camiños en zona de concentración parcelaria Senande

2º NATUREZA XURÍDICA DO CONTRATO E PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN

En base ós traballos que se describen no proxecto técnico e de conformidade co sinalado nos artigos 13, 20 e 25 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), o contrato ten a cualificación de contrato administrativo de obras, non suxeito a regulación harmonizada. A adxudicación e comenzo das obras condicionase á obtención de autorizacións sectoriais en trámite.

O código CPV da obra é:
45000000

A lexislación aplicable ao contrato estará composta por:

-Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en diante LCSP).

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).

- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da LCAP (RXLCAP), en todo o que non se opoña ao establecido na LCSP.

Calquera outras disposicións legais vixentes que lles sexan de aplicación ás corporacións locais.

Tamén terán carácter contractual o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico.

No caso de existir contradición entre este Prego de cláusulas administrativas particulares e o Prego de prescricións técnicas prevalecerá o contido na redacción do prego de cláusulas administrativas.

O procedemento de adxudicación do contrato será o procedemento aberto simplifícadísimo no que a adxudicación da obra recaerá na mellor oferta, conforme aos criterios de adxudicación establecidos na cláusula 11ª.

3ª DURACIÓN DO CONTRATO: PRAZO DE EXECUCIÓN.

Trátase dunha inversión en unha anualidade, 2004. A anualidade 2024 aboarase con cargo á partida orzamentaria correspondente no orzamento en vigor

Os importes son:

Anualidade 2024: 84200,10

O prazo máximo de execución da obra cífrase en proxecto de un mes.

En todo caso a obra deberá estar rematada:

Anualidade 2024: 30 de outubro 2024

4ª VALOR ESTIMADO, ORZAMENTO DE LICITACIÓN, PREZO, PAGOS AO CONTRATISTA E FINANCIAMENTO DO CONTRATO

O valor estimado do contrato tense en conta para elixir o procedemento de adxudicación aplicable nesta licitación.

Lote 1:

Valor estimado do contrato: 22105,17 euros

Orzamento base de licitación: 18420,98 euros sendo o IVE do 21% de 3868,41 euros, e o total de 22289,39 euros

Lote 2:

Valor estimado do contrato: 61399,06 euros

Orzamento base de licitación: 51165,88 euros sendo o IVE do 21% de 10744,83 euros, e o total de 61910,71 euros

Os licitadores realizarán, no seu caso, a baixa que estimen pertinente sobre o orzamento base indicándose como partida separada o IVE.

Para todos os efectos, entenderase que o orzamento aprobado pola Administración comprende todos os gastos directos e indirectos que o contratista deba realizar para a normal execución da obra contratada e toda clase de tributos, autorizacións e licenzas tanto municipais, provinciais como estatais, agás o IVE que figurará como partida independente.

En ningún caso o prezo de adxudicación do contrato poderá ser superior ao orzamento base de licitación.

Os prezos unitarios que rexerán durante a execución das obras serán os que figuran no proxecto aprobado pola administración municipal, afectados polo coeficiente de adxudicación resultante da oferta económica realizada polo licitador.

Tendo en conta o prazo de duración do contrato, non procede a revisión de prezos.

Así mesmo serán por conta do contratista o importe das posibles fianzas que tivese que depositar ante calquera organismo público ou privado.

PAGOS AO CONTRATISTA

O contratista terá dereito ao aboamento, de acordo cos prezos convidados, das obras que realmente execute con suxeición ao contrato outorgado e ás súas modificacións, se as houber.

Para os efectos de pagamento, a administración expedirá mensualmente a través do director de obra, nos primeiros dez días seguintes ao mes que correspondan, as certificacións que comprendan a obra executada durante o devandito período de tempo.

Os aboamentos ao contratista resultantes das certificacións expedidas terán o concepto de pagamentos a boa conta, suxeitos ás rectificacións e variacións que se produzan na medición final e sen supoñeren en forma ningunha aprobación e recepción das obras que comprende.

O Concello efectuará o pagamento conforme á lexislación vixente, debendo presentar o contratista factura por igual importe cá certificación.

A factura deberá conter os datos e requisitos establecidos no RD 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. A falta de entrega da factura impedirá o seu pagamento. Así mesmo as facturas deberán conter as seguintes identificacións:

Oficina contable: CÓDIGO L01150525

Órgano xestor: CÓDIGO L01150525

Unidade tramitadora: CÓDIGO L01150525

O contratista poderá ceder a un terceiro, por calquera dos medios legalmente establecidos, o seu dereito para cobrar o prezo do contrato, pero para que dita cesión teña efectos e a Administración expida o mandamento de pago a favor do cesionario, é preciso que se lle notifique de forma fidedigna a esta última o acordo de cesión. (art. 200 LCSP).

Constitúe obrigación da contratista comunicar á Administración calquera cambio que afecte á súa personalidade xurídica, suspendéndose o cómputo dos prazos legalmente previstos para o abono das facturas correspondentes ata que se verifiquen os mesmos.

5ª PERFIL DE CONTRATANTE. PUBLICIDADE, CONSULTA DE DOCUMENTACIÓN E ACLARACIÓN DE DÚBIDAS

O perfil de contratante do Concello está integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es), e tamén está accesible dende a sede electrónica do Concello de Muxía á que se pode acceder entrando na web do Concello.

A publicidade no perfil de contratante non exclúe a utilización doutros medios de publicidade, sen prexuízo de que a publicidade con vinculación e efectos xurídicos sexa a establecida no perfil de contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público.

No perfil do contratante do órgano de contratación publicarase:

- (1) memoria xustificativa do contrato,
- (2) Autorizacións sectoriais nos eu caso

(3)prego de cláusulas administrativas particulares,

(4)proxecto técnico e prego de prescricións técnicas,

(5)anuncios de convocatoria das licitacións, de adxudicación e de formalización dos contratos, anuncios de modificación e a súa xustificación,

(6)actas da mesa de contratación relativas ao procedemento de adxudicación, a resolución de adxudicación do contrato, a decisión de non adxudicar ou celebrar o contrato, a desistencia do procedemento de adxudicación, a declaración de deserto, así como a interposición de recursos e a eventual suspensión dos contratos con motivo da interposición de recursos.

Poderán non publicarse determinados datos relativos á celebración do contrato nos supostos que establece o artigo 154.7 da LCSP 2017.

CONSULTAS E ACLARACIÓN DE DÚBIDAS

Para a obtención de información que pódese solicitarse polos interesados estarase ao seguinte:

- Só será obrigatoria para a administración municipal a remisión daqueles documentos que non se atopen publicados no perfil de contratante.

- Só será obrigatoria para a administración municipal a remisión daquela documentación ou información que sexa precisa, ou adecuada, para a formulación das ofertas e sempre respectando os principios de igualdade e non discriminación.

En materia de aclaración do contido do presente prego e do prego técnico ou proxecto no caso de existir; e no seu caso, demais documentación complementaria, todos os interesados poderán dirixir as súas dúbidas e consultas que estimen convenientes a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, cunha antelación mínima de 3 días hábiles ao remate do prazo de presentación de ofertas, non se responderá a aquelas preguntas que non sexan realizadas dentro do prazo mínimo de tres días hábiles.

6ª ÓRGANO DE CONTRATACIÓN

O órgano competente para contratar, que actúa en nome do Concello de Muxía, é a Alcaldía.

O órgano de contratación ostenta, de acordo co previsto no artigo 190 LCSP, a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificar os contratos celebrados por razóns de interese público, declarar a responsabilidade imputable ao contratista pola execución do contrato, suspender a súa execución, acordar a súa resolución, e determinar os efectos dela, así como as facultades de inspección das actividades desenvolvidas polos contratistas durante a execución do contrato, dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados na LCSP e as súas disposicións de desenvolvemento. Os acordos que a este respecto dite serán executivos, sen prexuízo do dereito do contratista á súa impugnación ante a xurisdición competente.

7ª MESA DE CONTRATACIÓN, APERTURA DE PROPOSICIÓNS E PROPOSTA A ÓRGANO DE CONTRATACIÓN

O órgano de contratación estará asistido por unha Mesa de Contratación que será o órgano competente para efectuar a valoración das ofertas.

A mesa estará integrada por:

- Presidente: Alcalde o concelleiro en quen delegue.
- Vogais:
 - A interventora do Concello, e no seu caso, persoa que a substitúa.
 - A Secretaria do Concello e no seu caso, persoa que o substitúa .
 - Secretaria: funcionaria de carreira, auxiliar administrativo do Concello de Muxía e na súa ausencia, funcionario/a designado pola Alcaldía.

A secretaria terá voz pero non voto. A Mesa poderá constituírse validamente coa asistencia, polo menos, de Presidente, Secretario e os vogais en funcións de Asesoría Xurídica (Secretario do Concello) e Intervención (Interventor).

No curso das súas funcións poderá pedir os informes e asesoramentos que considere convenientes.

A apertura dos sobres coas proposicións e ofertas presentadas farase mediante dispositivo electrónico. En primeiro lugar debe cualificarse se a declaración responsable presentada é correcta. Para o caso de que non o fose concederáse un prazo de emenda de 3 días hábiles a contar dende o seguinte ao envío da notificación ao correo electrónico do licitador, para a corrección da mesma. A corrección realizarase a través da Plataforma de Contratación do Sector Público.

De non ser necesaria emenda algunha, ou unha vez realizada a mesma ou concluído o prazo outorgado ao efecto; a mesa de contratación avaliará as ofertas mediante aplicación da fórmula prevista nos criterios de adxudicación, elevando proposta de adxudicación do candidato con mellor puntuación ao órgano de contratación. Aquelas ofertas que superen o orzamento base de licitación serán excluídas.

No caso de que a oferta do licitador que obtivese a mellor puntuación presúmase que é anormalmente baixa por darse os supostos previstos no artigo 149, a mesa, seguirá o procedemento previsto no citado artigo. A notificación electrónica que se practique ó licitador solicitaralle que xustifique no prazo de tres días hábiles a contar dende o día do envío da notificación, a oferta formulada. O prazo para considerar rexeitada a notificación, cos efectos previstos no artigo 41.5 da LPAC, de 1 de outubro, será de 5 días naturais a contar dende o envío.

Cualificada a documentación e emendados, no seu caso, os defectos ou omisións, a Mesa procederá a:

1º) Declarar as admitidas e excluídas con indicación das causas de exclusión.

2º) Avaliar e clasificar as ofertas, con proposta de clasificación por orde decrecente das proposicións presentadas atendendo aos criterios de adxudicación establecidos no presente prego, elevando a acta da sesión, os

informes solicitados no seu caso e as ofertas presentadas ao órgano de contratación para a súa consideración, e formulando proposta de adxudicación.

3º) Comprobar no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou da Comunidade Autónoma de Galicia que a empresa proposta como adxudicataria está debidamente constituída, o asinante da proposición ten poder bastante para formular a oferta, ostenta a solvencia económica, financeira e técnica ou, no seu caso a clasificación correspondente e non está incurso en ningunha prohibición para contratar.

Para estes efectos, tamén se considerará admisible a proposición do licitador que acredite presentar a solicitude de inscrición no correspondente Rexistro xunto coa documentación preceptiva para iso, sempre que tal solicitude sexa de data anterior á data final de presentación das ofertas. A acreditación desta circunstancia terá lugar mediante a achega do acuse de recibo da solicitude emitido polo correspondente Rexistro e dunha declaración responsable de achegar a documentación preceptiva e de non recibir requirimento de corrección.

Se o licitador fixese uso da facultade de acreditar a presentación da solicitude de inscrición no correspondente Rexistro, a mesa requirirá ao licitador para que xustifique documentalente todos os extremos referentes á súa aptitude para contratar.

4º) Requirit á empresa que obtivo a mellor puntuación mediante notificación electrónica para que constituía a garantía definitiva, así como para que achegue a demais documentación referida na cláusula 12ª deste prego.

Se algunha proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, excedese do orzamento base de licitación, variase substancialmente o modelo establecido ou comportase erro manifesto no importe da proposición, ou existise recoñecemento por parte do licitador de que adoece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será descartada pola Mesa, en resolución motivada.

A Mesa poderá igualmente propoñer de forma motivada que o procedemento se declare deserto, ben porque as ofertas non se axustan ás condicións esixidas nos pregos ou porque non son convenientes para os intereses públicos municipais.

No caso de igualdade entre dous ou máis licitadores aplicarase o disposto no artigo 147.2 da LCSP 2017.

A proposta de clasificación formulada pola Mesa non crea ningún dereito en favor dos licitadores incluídos, mentres non se adxudique o contrato por acordo do órgano de contratación.

Os membros da mesa de contratación non poderán absterse nas súas votacións.

8ª CAPACIDADE PARA CONTRATAR E SOLVENCIA

8.1. EMPRESAS LICITADORAS

Están capacitadas para contratar as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non se atopen incursas en ningunha prohibición de contratar das sinaladas no artigo 71 LCSP, acrediten a súa solvencia económica e financeira e técnica ou profesional nas condicións mínimas e polos medios indicados nas cláusulas administrativas particulares do presente prego. Os contratistas deberán contar, asemade, coa habilitación empresarial ou profesional que, no seu caso, sexa esixible para a realización das prestacións que constituán o obxecto do contrato.

Todos os licitadores deberán estar rexistrados no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, ou cando cumpra de conformidade co establecido no apartado 2 do artigo 96 no Rexistro Oficial da correspondente Comunidade Autónoma, na data final de presentación de ofertas sempre que non se vexa limitada a concorrência. Para estes efectos, tamén se considerará admisible a proposición do licitador que acredite presentar a solicitude de inscrición no correspondente Rexistro xunto coa documentación preceptiva para iso, sempre que tal solicitude sexa de data anterior á data final de presentación das ofertas. A acreditación desta circunstancia terá lugar mediante a achega do acuse de recibo da solicitude emitido polo correspondente Rexistro e dunha declaración responsable de achegar a documentación preceptiva e de non recibir requirimento de corrección.

Non poderán contratar coa Administración as comunidades de bens, carentes de personalidade xurídica, nin as sociedades cuxos pactos se manteñan secretos entre os socios e nas que cada un destes contrate no seu propio nome con terceiros.

Serán nulos de pleno dereito os contratos nos que conorra a falta por parte do adxudicatario dalgunha das condicións de aptitude sinaladas nesta cláusula.

En canto ás empresas estranxeiras, presentarán a documentación indicada na LCSP.

No suposto de persoas xurídicas dominantes dun grupo de sociedades, poderase ter en conta as sociedades pertencentes ao grupo para efectos de acreditación da solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, ou da correspondente clasificación, se é o caso, da persoa xurídica dominante, sempre e cando este acredite que ten efectivamente á súa disposición os medios das devanditas sociedades necesarios para a execución dos contratos.

Unións de empresarios.

Poderán contratar coa Administración as unións de empresarios que se constitúan temporalmente ao efecto, sen que sexa necesaria a súa formalización en escritura pública ata que se efectúe a adxudicación do contrato ao seu favor.

Os empresarios que concorran agrupados en unións temporais quedarán obrigados solidariamente e deberán nomear un representante ou apoderado único da unión con poderes bastantes para exercer os dereitos e cumprir as obrigacións que do contrato se deriven ata a súa extinción, sen prexuízo da existencia de poderes mancomunados que poidan outorgar para cobros e pagamentos de contía significativa.

A efectos da licitación, os empresarios que desexen concorrer integrados nunha unión temporal deberán indicar os nomes e circunstancias dos que a constitúan e a participación de cada un, así como que asumen o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal en caso de resultar adxudicatarios do contrato.

A duración das unións temporais de empresarios será coincidente, polo menos, coa do contrato ata a súa extinción.

8.2. CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA

O artigo 77 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, establece un valor estimado de 500.000 euros a partir do cal é preciso acreditar debidamente a clasificación do empresario como contratista de obras dos

poderes adjudicadores. Atendendo ao valor estimado da presente licitación, non é esixible a clasificación.

Non obstante, a efectos de xustificación de solvencia e outros que procedan, a clasificación das obras proxectadas sería a seguinte:

G-6-1

Non será esixible a clasificación aos empresarios non españois de Estados membros da Unión Europea ou de Estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, ben concorran ao contrato illadamente ou integrados nunha unión, sen prexuízo da obriga de acreditar a súa solvencia.

8.3. SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA E TÉCNICA OU PROFESIONAL CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA.

A solvencia esixida é proporcional ao orzamento de licitación do contrato.

Solvencia económica acreditarase por algún dos seguintes medios:

-Volume anual de negocios do licitador referido como máximo aos tres últimos exercicios dispoñibles. Abondará que nun dos tres exercicios se supere a contía de 54000 euros, IVE non incluído. No caso de empresas cuxo período de actividade non abrangan os tres últimos exercicios, é necesario presentar a cifra de negocios do período de actividades da empresa, que deberá superar a contía de 45000 euros, IVE non incluído.

O volume anual de negocios do licitador acreditarase por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivese inscrito no devandito rexistro, e en caso contrario polas depositadas no rexistro oficial en que deba estar inscrito. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

Solvencia técnica ou profesional acreditarase do seguinte xeito:

- Relación das principais obras executadas relacionadas co obxecto do contrato, realizadas nos últimos cinco anos que inclúa importe, datas e destinatario, público ou privado, das mesmas, sendo necesario como mínimo ter realizadas obras por importe de polo menos 55000 euros nalgún dos anos comprendidos nese período, que se acreditará con certificados expedidos polo órgano competente cando o destinatario sexa unha entidade do sector público ou, cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario, segundo o establecido no artigo 90 da LCSP.

Cando o contratista sexa unha empresa de nova creación, entendendo por tal aquela que teña unha antigüidade inferior a cinco anos (computados dende a data de alta no censo de empresarios e profesionais ata a data de presentación da proposición), a súa solvencia técnica acreditarase mediante declaración indicando a maquinaria, material e equipo técnico do que se dispoñerá para a execución dos traballos ou prestacións, á que se achegará a documentación acreditativa pertinente cando lle sexa requirido polos servizos dependentes do órgano de contratación. A maquinaria, material e equipo técnico que declare, e no seu caso acredite, deberá permitir executar o contrato conforme ó que dispón o proxecto técnico.

Cando unha empresa desexe recorrer ás capacidades doutras entidades debe acreditar que vai dispoñer dos recursos necesarios mediante a presentación para ese efecto do compromiso por escrito das devanditas entidades. O compromiso presentarase polo licitador que presentase a mellor oferta.

O momento decisivo para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar coa administración neste procedemento será o de finalización do prazo de presentación das proposicións.

9ª. PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN

9.1 Lugar e prazo de presentación

A presentación de ofertas realizarase de forma electrónica a través da Ferramenta de Preparación e Presentación de ofertas que a Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es) pon a disposición de entidades licitadoras para tal fin.

As ofertas presentaranse unicamente a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, sen que sexa válida calquera outra forma de presentación.

Poden presentarse ofertas para un lote ou para os dous lotes.

A presentación do sobre deberá realizarse mediante firma electrónica do representante da empresa. A documentación para presentar tamén deberá estar asinada electronicamente. As firmas deberán realizarse con certificados electrónicos válidos. Recoméndase que antes de realizar a sinatura de documentos e sobres verifique que dispón dun certificado válido. Esta verificación pode facela entrando na seguinte dirección: <https://valide.redsara.es/valide/> e acceda a Validar Certificado.

Unha vez realizada a presentación, a ferramenta proporcionará á entidade licitadora un xustificante de envío, susceptible de almacenamento ou impresión, co selo de tempo da Plataforma de Contratación do Sector Público. As proposicións entregaranse do xeito previsto na Plataforma de Contratación do Sector Público.

Toda a documentación deberá presentarse redactada en galego ou en castelán.

O prazo de presentación será de 20 días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es), que tamén está accesible dende a sede electrónica do Concello. No caso de que o último día de presentación de ofertas coincida con sábado, domingo ou festivo, entenderase prorrogado ao día hábil seguinte.

9.2 Notificacións, comunicacións e autorizacións.

A participación no presente procedemento de licitación comporta a aceptación tácita de que as notificacións e comunicacións derivadas do presente procedemento serán efectuadas a través de medios electrónicos.

Toda notificación enviada á dirección facilitada polo interesado entenderase practicada para todos os efectos legais desde a data da súa remisión con independencia de que o destinatario acceda ou non ao seu contido, salvo nos seguintes casos:

- Que de oficio ou a instancia do destinatario, compróbase a imposibilidade técnica ou material do acceso á notificación, debendo xustificarse este aspecto.
- Que as propias cláusulas específicas deste prego contemplan que sexa necesario

recibir a notificación para que comecen a computarse os prazos.

As proposicións dos interesados deberán axustarse aos pregos e documentación que rexen a licitación, e a súa presentación supón a aceptación incondicional polo empresario do contido da totalidade das súas cláusulas ou condicións, sen excepción ou reserva algunha, así como a autorización ao órgano de contratación para consultar os datos que constan no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e da Comunidade Autónoma de Galicia, ou nas listas oficiais de operadores económicos dun Estado membro da Unión Europea. Autorízase ao Concello de Ponteareas para que comprobe que o licitador está ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria e coa Seguridade Social, así como alta no imposto de actividades económicas.

Ademais na declaración responsable deberá indicarse autoriza a consultar os datos que constan Servizo de Verificación de Identidad e Caja General de Depósitos.

10. CONTIDO DAS PROPOSICIÓNS

10.1 Presentaranse en SOBRE ÚNICO ELECTRÓNICO. Dentro do sobre único electrónico no que se incluírá:

▫ declaración responsable do licitador indicando que cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración e Proposición, axustada ao modelo que figura como ANEXO I, ao obxecto de acreditar os criterios obxectivos que se valorarán para a adxudicación do contrato e que se detallan na cláusula 11^a do presente Prego.

A proposición presentarse debidamente cumprimentada e non se aceptarán aquelas que teñan omisións ou erros que impidan coñecer claramente o que a Administración estime fundamental para considerar a oferta. Na proposición deberá indicarse, como partida independente, o importe do Imposto sobre o Valor Engadido que deba ser repercutido.

Tódolos importes da proposición económica deberán consignarse en letra e número. No caso de que existan discrepancias entre o importe consignado en letra e o importe consignado en número, prevalecerá o importe posto en letra.

No caso de que as discrepancias foran entre o importe consignado como prezo total e a suma das cantidades consignadas como importe base e IVE ou o cálculo deste, prevalecerá o importe consignado como importe base, determinándose en función deste, o IVE correspondente e o prezo total.

Cada licitador non poderá presentar máis que unha soa proposición. Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en agrupación temporal con outras, se o fixo individualmente.

10.2 Regras xerais

- Documentos orixinais e lingua: os documentos que se presenten deberán vir redactados en lingua castelá ou galega. A documentación redactada noutra

lingua deberá acompañarse da correspondente tradución oficial ao galego ou castelán, de non ser así, non será tida en conta.

- Arquivo da documentación: as proposicións presentadas, tanto as declaradas admitidas como as rexeitadas sen abrir ou as desestimadas unha vez abertas, serán arquivadas no seu expediente.

- Documentos e datos dos licitadores de carácter confidencial: as empresas licitadoras terán que indicar, se é o caso, que documentos administrativos e técnicos e datos presentados son, ao seu parecer, constitutivos de ser considerados confidenciais. Esta indicación será motivada, non resultando suficiente unha indicación de documentos confidenciais sen motivación algunha. Esta circunstancia deberá ademais reflectirse claramente no propio documento sinalado como tal.

Os documentos e datos presentados polas empresas licitadoras poden ser considerados de carácter confidencial cando a súa difusión a terceiros poida ser contraria aos seus intereses comerciais lexítimos, prexudicar a leal competencia entre as empresas do sector ou ben estean comprendidas nas prohibicións establecidas na normativa de Protección de datos de Carácter Persoal. De non achegarse esta declaración considerarase que ningún documento ou dato posúe devandito carácter.

11^a. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

Para a valoración das ofertas e a determinación da mellor oferta relación calidade-prezo, atenderase coma criterios de adxudicación ao prezo , a redución no prazo de execución da obra e ao incremento do periodo de garantía por encima do mínimo legal. O máximo de puntos que se poden obter é de 100.

- OFERTA ECONÓMICA. Puntuación específica para o presente contrato: 80 PUNTOS.

A máxima puntuación será obtida pola oferta económica máis baixa das admitidas, e a mínima puntuación (0 puntos) a oferta económica que coincida co orzamento de licitación. As restantes ofertas serán valoradas de conformidade cun criterio de proporcionalidade aplicando a seguinte fórmula:

$$X = (\text{Oferta máis baixa} / \text{Oferta a considerar}) \times 80$$

Presumirase como desproporcionada ou temeraria a baixa de toda proposición que se atope nos seguintes supostos:

▫ Cando, concorrendo un só licitador, sexa inferior ao orzamento base de licitación en máis de 25 unidades porcentuais.

▫ Cando concorran dous licitadores, a que sexa inferior en máis de 20 unidades porcentuais á outra oferta.

▫ Cando concorran tres licitadores, as que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Con todo, excluírase para o cómputo de dita media a oferta de contía máis elevada cando sexa superior en máis de 10 unidades porcentuais a dita media. En calquera caso considerarase desproporcionada a baixa superior a 25 unidades porcentuais.

▫ Cando concorran catro ou máis licitadores, as que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Con todo, se entre elas existen ofertas que sexan superiores a dita media en máis de 10 unidades porcentuais, procederase ao cálculo dunha nova media só coas ofertas que non se atopen no suposto indicado. En todo caso, se o número das restantes

ofertas é inferior a tres, a nova media calcularase sobre as tres ofertas de menor contía.

En tales supostos de presunción de oferta desproporcionada ou temeraria estarase ao disposto no artigo 149 da LCSP. A notificación electrónica que se practique ó licitador solicitaralle que xustifique no prazo de tres días hábiles a contar dende o día do envío da notificación, a oferta formulada.

-REDUCCIÓN PRAZO DE EXECUCIÓN. Puntuación específica para o presente contrato: 10 PUNTOS.

Non se valorará redución de prazo maior ao 50% do prazo

A maior redución obterá 10 puntos e as demais proporcionalmente.

- OFERTA DE MANTENEMENTO DA OBRA (por encima do prazo de garantía legal): ata 10 puntos, distribuídos da seguinte forma:

2 anos: 2 p

3 anos: 5 p

4 anos: 10p

12ª DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POLOS LICITADORES QUE PRESENTASEN A OFERTA MÁIS VANTAXOSA.

A mesa de contratación requirirá á empresa coa mellor oferta para que, dentro do prazo de SETE días hábiles, a contar dende o día de envío da notificación (o prazo para considerar rexeitada a notificación será de 5 días naturais), presente a seguinte documentación:

-Documentación xustificativa de constituír a garantía definitiva do 5 por 100 (cinco por cento) do importe de adxudicación, IVE excluído. De conformidade co artigo 107.1 e 107.2 da LCSP, a garantía definitiva será do 10% (dez por cento) do prezo de adxudicación, IVE excluído, cando a oferta do adxudicatario resultase inicialmente incurso en presunción de temeridade.

A garantía poderá constituírse en calquera das formas establecidas no artigo 108 da LCSP, cos requisitos establecidos no art. 55 e seguintes do RXLCAP.

Todos os licitadores deberán estar inscritos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, ou no Rexistro Oficial da correspondente Comunidade Autónoma, na data final de presentación de ofertas. Para estes efectos, tamén se considerar admisible a proposición do licitador que acredite presentar a solicitude de inscrición no correspondente Rexistro xunto coa documentación preceptiva para iso, sempre que tal solicitude sexa de data anterior á data final de presentación das ofertas. A acreditación desta circunstancia terá lugar mediante a achega do acuse de recibo da solicitude emitido polo correspondente Rexistro e dunha declaración responsable de achegar a documentación preceptiva e de non recibir requirimento de corrección.

Se o licitador fixese uso da facultade de acreditar a presentación da solicitude de inscrición no correspondente Rexistro, a mesa requirirá ao licitador para que xustifique documentalmente todos os extremos referentes á súa aptitude para contratar que deberá achegar no prazo sinalado no primeiro parágrafo desta cláusula:

1) Os que acrediten a personalidade e a capacidade de obrar do licitador e, se é o caso, a súa representación.

A capacidade de obrar dos empresarios que fosen persoas xurídicas acreditarase mediante a escritura de constitución e de modificación, se é o caso, e os estatutos, inscritos no Rexistro Mercantil, cando este requisito

fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o fose, a acreditación da capacidade de obrar realizarase mediante a escritura ou documento de constitución, estatutos ou acto fundacional no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, se é o caso, no correspondente Rexistro oficial. Documento Nacional de Identidade, cando se trate de empresarios individuais.

A capacidade de obrar das empresas non españolas de estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo acreditarase mediante a inscrición nos Rexistros ou a presentación das certificacións que se indican no anexo I do RXLCAP, en función dos diferentes contratos.

A capacidade de obrar das empresas estranxeiras non comprendidas no parágrafo anterior acreditarase mediante o informe expedido pola Misión Diplomática Permanente ou Oficina Consular de España do lugar do domicilio da empresa, que se acompañará á documentación que se presente, se o estado de procedencia da empresa estranxeira admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración en forma substancialmente análoga.

No suposto de concorrer un empresario individual presentará o documento nacional de identidade e, se é o caso, a escritura de poder debidamente legalizada, ou as súas fotocopias debidamente autenticadas.

2) Poder bastante para tal efecto a favor das persoas que comparezan ou asinen proposicións en nome doutro. Se o licitador fose persoa xurídica, este poder deberá figurar inscrito no Rexistro Mercantil. Se se trata dun poder para acto concreto non é necesaria a inscrición no Rexistro Mercantil, de acordo co art. 94.5 do Regulamento do Rexistro Mercantil.

3) Declaración responsable de non estar incurso o licitador nas prohibicións para contratar recollidas no artigo 71 da LCSP. A proba do declarado poderá facerse por calquera dos medios sinalados no artigo 85 da LCSP.

4) Documentación xustificativa da solvencia esixida na cláusula 8ª deste prego.

5) As empresas estranxeiras non comunitarias, ademais, deberán acreditar que teñan aberta sucursal en España, con designación de apoderados ou representantes para a súas operacións e que estean inscritas no Rexistro Mercantil.

6) As empresas estranxeiras presentarán unha declaración expresa de someterse á xurisdición dos xulgados e tribunais españois en calquera orde, para todas as incidencias que dun modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, se é o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que lle puidese corresponder ao licitante.

Cando o empresario estea inscrito no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público ou figure nunha base de datos nacional dun Estado membro da Unión Europea, como un expediente virtual da empresa, un sistema de almacenamento electrónico de documentos ou un sistema de precalificación, e estes sexan accesibles de modo gratuíto para os citados órganos, non estará obrigado a presentar os documentos xustificativos ou outra proba documental dos datos rexistrados nos referidos lugares, sendo unicamente necesario a manifestación expresa por parte de licitador da súa inscrición no Rexistro ou base de datos correspondentes.

De acordo co disposto no artigo 139.1 da LCSP, a presentación das proposicións supón a autorización á mesa e ao órgano de contratación para consultar os datos recolleitos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do

Sector Público ou nas listas oficiais de operadores económicos nun Estado membro da Unión Europea.

A Mesa de Contratación poderá requirir documentación cando os datos que consten no Rexistro Oficial de Licitadores do Estado ou da Comunidade Autónoma de Galicia non acrediten debidamente a capacidade, clasificación, obxecto social, representante legal da empresa e/ou non estar incurso en prohibicións de contratar.

De non cumprir adecuadamente o requirimento en prazo, entenderase que o licitador retira a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitarlle a mesma documentación ao licitador seguinte na orde de clasificación.

13^a. ADXUDICACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

13.1 A adxudicación, que conterà todos os extremos indicados no artigo 151 da LCSP efectuarase dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación, e na mesma, que será motivada, concretarase e fixarase os termos definitivos do contrato e notificaráselles aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante.

Non poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos pregos. Non en tanto, a Administración antes da adxudicación poderá renunciar a celebrar o contrato por razóns de interese público ou desistir do procedemento tramitado cando este posúa defectos non emendables.

13.2 O contrato perfeccionarase coa formalización. A formalización do contrato efectuarase dentro do prazo dos cinco (5) días hábiles seguintes a aquel en que se reciba a notificación da adxudicación.

No caso de que o contrato fose adxudicado a unha Unión Temporal de Empresas deberán estas acreditar con anterioridade á formalización, a constitución da mesma, en escritura pública, e NIF asignado á Agrupación.

A formalización do contrato publicarase no perfil do contratante.

13.3 Formalizado o contrato de obras para a execución do correspondente proxecto, remitirase copia do mesmo á Deputación e comunicarse a esta a data e hora en que terá lugar a comprobación do replanteo, á que asistirá, de consideralo procedente a Deputación, un/ha facultativo/a técnico/a ou representante desta.

14^a. GARANTÍAS

Garantía provisional: non se esixe.

Garantía definitiva: por importe do 5 por 100 (cinco por cento) do prezo de adxudicación, IVE excluído.

De conformidade co artigo 107.1 e 107.2 da LCSP, a garantía definitiva será do 10% (dez por cento) do prezo de adxudicación, IVE excluído, cando a oferta do adxudicatario esultase inicialmente incurso en presunción de temeridade.

A garantía poderá constituírse en calquera das formas establecidas no artigo 108 da LCSP, cos requisitos establecidos nos arts. 55 e seguintes do RXLCAP.

Devolución da garantía definitiva ou total: o órgano de contratación determinará se a prestación realizada polo contratista axústase ás prescricións establecidas para a súa execución e cumprimento, requirindo, de ser o caso, a realización das prestacións contratadas e a emenda dos defectos observados con ocasión da recepción.

A recepción levarase a cabo mediante acta subscrita polo responsable do contrato designado polo Concello de Muxía e polo delegado designado pola empresa contratista. Esta acta emitirase unha vez conclúa a duración dos traballos.

A partir da data da acta de recepción ou conformidade da obra comezará a contar o prazo de garantía dun (1) ano ou o que resulte da oferta formulada polo adxudicatario, sen que en ningún caso se poida rebaixar o prazo de garantía mínimo de un ano.

Dentro do prazo de 15 días anteriores ao cumprimento do prazo de garantía, o director facultativo da obra, de oficio ou a instancia do contratista, redactará un informe sobre o estado das obras cos efectos sinalados no artigo 243 da LCSP e 169 do RXLCAP.

15ª. SUCESIÓN NA PERSOA DO CONTRATISTA

De conformidade con artigo 98 da LCSP 2017, nos casos de fusión, escisión, achega ou transmisión de empresas ou ramas de actividade das mesmas, continuará o contrato coa entidade absorbente ou resultante, quedando subrogada en tódolos dereitos e obrigas derivadas do mesmo, sempre que teña a solvencia esixida ao acordarse a adxudicación ou que as sociedades participantes nas ditas operacións responsabilícense solidariamente da execución do contrato. En caso contrario, resolverase o contrato considerándose a tódolos efectos como un suposto de resolución por culpa do adxudicatario.

16ª. RESPONSABLE DO CONTRATO

Será responsable do contrato o director de obra que designe o órgano de contratación. O responsable supervisará a súa execución, comprobando que a súa realización axústase ao establecido no contrato, e cursará ao contratista as ordes e instrucións do órgano de contratación.

No suposto de substitución do responsable do contrato lle será comunicado por escrito ao contratista nun prazo de dez días hábiles á data na que se producira.

O responsable do contrato terá as facultades sinaladas no artigo 62 da LCSP, entre as que cabe sinalar, a modo soamente enunciativo e non limitativo, as seguintes funcións:

- Efectuar o control e supervisión xeral para a execución do contrato supervisando o seu cumprimento nos termos que resultan dos PCAP, Proxecto técnico e da oferta do licitador.
- Promover a incoación de expedientes sancionadores ou de resolución contractual por incumprimento de obrigas por parte do adxudicatario.
- Tramitar cantas incidencias xurdan ao longo da execución do contrato.
- Dar as ordes oportunas para acadar os obxectivos do contrato.

17ª. OBRIGAS DA EMPRESA ADXUDICATARIA EN RELACIÓN CO SEU PERSOAL

1. A empresa contratista asume a obrigaçión de exercer de modo real, efectivo e continuo, sobre o persoal integrante do equipo de traballo encargado

da execución do contrato, o poder de dirección inherente a todo empresario. En particular, asumirá a negociación e pago dos salarios, a concesión de permisos, licenzas e vacacións, as substitucións dos traballadores en casos de baixa ou ausencia, as obrigacións legais en materia de Seguridade Social, incluído o abono de cotizacións e o pago de prestacións, cando cumpra, as obrigacións legais en materia de prevención de riscos laborais, o exercicio da potestade disciplinaria, así como cantos dereitos e obrigacións se deriven da relación contractual entre empregado e empregador.

2. O contratista deberá observar as disposicións vixentes en materia laboral e de Seguridade Social así como en materia de seguridade e hixiene no traballo e prevención de riscos laborais, polo que estará obrigado a dispoñer as medidas esixidas por tales disposicións, sendo ó seu cargo o gasto que lle orixine. O persoal adscrito polo contratista á prestación obxecto do contrato non terá ningunha relación laboral coa Administración municipal, baixo ningún concepto, dependendo exclusivamente do contratista, o cal terá tódolos dereitos e deberes inherentes a súa condición de empresario respecto do mesmo.

En xeral, o contratista responderá de cantas obrigas lle veñan impostas polo seu carácter de empregador, así como do cumprimento de cantas normas regulan e desenvolven a relación laboral ou doutro tipo, existente entre aquel, ou entre os seus subcontratistas e os traballadores de un e outro, sen que poida repercutir contra a Administración municipal ningunha multa, sanción ou calquera tipo de responsabilidade que por incumprimento dalgunha delas, puideran impoñerlle os organismos competentes. En calquera caso, o contratista, indemnizará á Administración de toda cantidade que se vise obrigada a pagar por incumprimento das obrigacións aquí consignadas, aínda que iso lle veña imposto por resolución xudicial ou administrativa.

Existe obrigación do adxudicatario de cumprir as condicións salariais dos traballadores conforme ao Convenio Colectivo sectorial de aplicación.

18ª EXECUCIÓN DO CONTRATO

18.1. Dirección das obras. A Administración designará un director de obra, responsable da comprobación, coordinación, vixilancia e inspección da correcta realización da obra obxecto do contrato. Así mesmo, poderá nomear director de execución.

O director das obras, no prazo de tres días desde que sexa nomeado, emitirá informe no que se indique se é preciso nomear coordinador de seguridade e saúde e se xustifiquen as razóns de acordo coa lexislación de aplicación.

No suposto de que non se dean os supostos legais para nomear coordinador de seguridade e saúde, o director das obras exercerá todas as funcións nesta materia.

18.2. Execución das obras e comprobación do replanteo. A execución do contrato comezará co acto de comprobación do replanteo que se realizará no prazo máximo quince días naturais contados dende a data da formalización do contrato. A comprobación do replanteo das obras efectuarase na presenza do adxudicatario ou do seu representante, de conformidade e cos efectos previstos polo artigo 237 da LCSP e disposicións complementarias e 139, 140 e 141 do RXLCAP.

18.3. Plan de Seguridade e Saúde, Plan de residuos e Programa de traballo.

▫ Nos 10 días naturais seguintes ao de formalización do contrato, o contratista adxudicatario deberá presentar o correspondente Plan de Seguridade e de Saúde no traballo, de acordo co establecido no RD 1627/1997. Devandito Plan será informado polo director das obras ou polo coordinador de seguridade e saúde. Non se poderá comezar a execución do contrato sen a previa aprobación do Plan de Seguridade e Saúde polo órgano de contratación.

O contratista está obrigado a instalar á súa costa os sinais indicativos das obras, perigo, precaución, desviación, etc., de conformidade co disposto no Código da Circulación e normativa de Prevención de Riscos Laborais, en coordinación coa Policía local, e adoptar todas as precaucións precisas dende o comezo das obras ata a súa total terminación, sendo persoalmente responsable dos accidentes motivados por incumprimento desta cláusula.

18.6. Revisión de prezos.- Non procede para a execución desta obra a revisión de prezos.

18.7 Suspensión das obras.- En caso de producirse unha suspensión do contrato, estarase ao estipulado nos artigos 208 da LCSP e 103, 170 e 171 do RXLCAP. Nos supostos de suspensión temporal –parcial ou total– ou definitiva, redactarase a acta da suspensión cos requisitos e formalidades legalmente establecidos.

18.8. Recepción e liquidación das obras.- Ao remate da obra e coa última certificación achegarase a correspondente acta de recepción que se axustará ao disposto nos 243 da LCSP e na que os asinantes terán que estar debidamente identificados. Na acta de recepción debe figurar a identificación de quen a asina, coa expresión do seu cargo.

A recepción das obras realizarase como moito dentro dos quince días seguintes á terminación das obras. Todo iso de conformidade co artigo 243 da LCSP. O contratista ten a obriga de asistir á recepción da obra. Se por causas que lle sexan imputables non cumpre esta obriga o representante da administración remitiralle un exemplar para que no prazo de dez días formule as alegacións que considere oportunas, sobre as que resolverá o órgano de Contratación.

Do resultado da recepción redactarase unha acta que subscribirán todos os asistentes, retirando un exemplar orixinal cada un deles. Cando as obras non se atopen en estado de ser recibidas farase constar así na acta e o seu director sinalará os defectos observados e detallará as instrucións precisas fixando un prazo para remediar aqueles. Se transcorrido o devandito prazo o contratista non o efectúa, poderá concedérselle outro novo prazo improrrogable ou declarar resolto o contrato. Dentro do prazo de 3 meses contados a partir da recepción, o órgano de contratación deberá aprobar a certificación final das obras executadas, que será aboados ao contratista a conta da liquidación do contrato.

19^a. DEREITOS E OBRIGAS DAS PARTES

19.1. Obrigas do contratista

- Executar o contrato na forma, tempo e condicións establecidas neste Prego e no proxecto técnico.
- Cumprir coas disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de prevención de riscos laborais e seguridade e hixiene no traballo do persoal ás súas ordes que sexan inherentes á súa condición de empresario.

- Responder dos danos e perdas que se orixinen con motivo da execución do contrato e por causa imputable á empresa.

No caso de que existan danos causados a terceiros no curso da execución da obra e se presente polos terceiros reclamación ante o Concello, atenderase ao previsto no artigo 196 da LCSP e en todo caso, a empresa contratista deberá emitir informe no prazo de cinco días hábiles a contar dende o seguinte ao envío electrónico do requirimento do Concello.

- Garantir que o persoal que realiza o servizo ten a aptitude e práctica necesaria que require a realización do servizo.
- O delegado do licitador actuará como interlocutor válido da empresa ante o Concello en todos os aspectos e incidencias que resulten da súa execución.
- Sinalizar suficientemente e segundo o establecido na normativa legal de aplicación a zona da vía pública onde se desenvolven os traballos.
- Empregar vehículos e maquinaria que contaminen o mínimo posible. Se a empresa dispón de varios vehículos que poden facer os traballos, empregará o que menos emisións e contaminación produza.
- Durante a execución do contrato a empresa contratista deberá manter na plantilla os traballadores adscritos ó obxecto da licitación, sen que proceda a suspensión ou extinción de postos de traballo salvo por baixas voluntarias ou despidos disciplinarios.
- Adoptaranse as medidas precisas para minimizar os ruídos e vibracións que poidan ocasionar molestias, realizando os traballos que impliquen estes inconvenientes en horarios compatibles cos horarios de descanso dos cidadáns e respectando en todo caso a normativa específica sobre ruído.
- Os residuos que se poidan xerar deberanse tratar de acordo ao previsto pola normativa vixente.
- Evitarase a contaminación que se entenderá comprensiva do medio ambiente atmosférico, dos recursos naturais (cursos de auga, masas forestais...) e de calquera outros bens que poidan resultar danados por motivo da execución do contrato.
- O contratista deberá ter contratado o seguro de responsabilidade civil que cubra a actividade contratada e a responsabilidade patronal nos termos que se establecen de seguido:

Un seguro de RESPONSABILIDADE CIVIL que garanta as responsabilidades que se poidan derivar por danos e prexuízos que se causen tanto ao Concello de Muxia como a terceiros como consecuencia da execución do servizo.

O límite de indemnización deberá ser como mínimo de 300.000 €. O sublímite por vítima na RC Patronal non deberá ser inferior a 30.000 €.

En todo caso, serán soportados polo adxudicatario os danos e prexuízos na contía da franquicia e no que superen os límites que se establezan nas pólizas de seguros, así como nos bens e riscos non cubertos nas mesmas.

- Calquera outra obriga que lle veña imposta neste Prego, no de prescricións técnicas, ou por precepto legal ou regulamentario.

19.2 Dereitos do contratista

- Percibir o importe indicado no contrato.
- Calquera outro dereito que estea legal ou regulamentariamente recoñecido en orde ao obxecto do contrato.

19.3. Obrigas do Concello

- Facilitar ao contratista a información e datos sobre o contrato a executar.

19.4. Dereitos do Concello

- A interpretación das cláusulas do contrato e a resolución das dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta.
- A inspección e control durante a execución da obra.
- Calquera outro dereito que lle sexa concedido neste Prego ou no de prescricións técnicas.

20ª RÉXIME DE PENALIDADES

O Concello poderá impor penalidades polas infraccións que cometa o contratista en relación coa execución do contrato e que se especifican neste prego. O adxudicatario admite e recoñece especialmente a natureza obrigacional destas penalidades e, polo tanto, a non aplicación do principio de reserva de lei, nin do procedemento sancionador regulado pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas e pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. As penalidades serán impostas por Decreto do Alcalde, previa instrución dun expediente, no que como mínimo constarán as seguintes actuacións:

- Informe dos servizos municipais dando conta dos feitos.
- Audiencia do contratista por prazo mínimo de dez días hábiles.
- Informe xurídico municipal.

CUMPRIMENTO DEFECTUOSO DA PENALIDADE: PRESTACIÓN

Falta leve: Non atender ao requirimento da 0,60 euros por cada 1.000 euros do Administración ante calquera incumprimento prezo do contrato, IVE excluído das condicións establecidas nos pregos ou na oferta.

Falta gaxe: A cesión en todo ou en parte do 1 euros por cada 1.000 euros do prezo contrato, baixo calquera modalidade ou título, do contrato (IVE excluído), ou sen a previa autorización expresa do órgano de resolución, á vista da proposta do contratista responsable do contrato.

Falta grave: A modificación do contrato, 1 euros por cada 1.000 euros do prezo excluídos os prazos de execución, sen a previa do contrato (IVE excluído), ou autorización da Administración. resolución, á vista da proposta do responsable do contrato.

Falta grave: Incumprimento dos prazos finais 1 euros por cada 1.000 euros do prezo de execución, sen a previa autorización da do contrato e día de demora á vista da proposta do responsable do contrato.

Falta grave: A comisión de dúas faltas leves 1 euros por cada 1.000 euros do prezo sobre as que existira resolución firme en vía do contrato (IVE excluído), ou administrativa. resolución, á vista da proposta do responsable do contrato.

INCUMPRIMENTO DAS CONDICIÓNS PENALIDADE: ESPECIAIS DE EXECUCIÓN OU DAS OBRIGAS ESENCIAIS

Falta leve: Incumprimento do deber de 5 euros por cada 1.000 euros do informar ao colectivo de homes que traballen na prezo do contrato (IVE excluído), á obra, durante o seu período de execución, sobre vista da proposta do responsable do a posibilidade de utilizar o permiso de contrato. paternidade, e se é o caso, sobre o resto de dereitos que lles asistan en aplicación do Plan de Igualdade da empresa. A empresa deberá acreditar que tal comunicación tivo efectivamente lugar.

Falta grave: Non presentar o Plan de igualdade 1 euro por cada 1.000 euros do prezo da empresa, acordo co establecido no artigo 45 do contrato e día de demora, na da Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a entrega do Plan de Igualdade cando igualdade efectiva de homes e mulleres. No sexa esixido, ou resolución, á vista da caso que non sexa requisito obrigatorio para a proposta do responsable. empresa, deberase acreditar documentalmente tal circunstancia (tamaño da empresa, convenio colectivo que lle é de aplicación, etc.)

Falta grave: Incumprimento dos pagos a 1 euros por cada 1.000 euros do prezo traballadores, subcontratistas e provedores, así do contrato (IVE excluído) e día de como dos deberes derivados das disposicións demora, contado dende a legais, regulamentarias e convencionais comunicación realizada por parte do vixentes en materia laboral, de protección de Concello, ou resolución, á vista da emprego, condicións de traballo, prevención de proposta do responsable do contrato. riscos laborais, de seguridade social e de seguridade e saúde no traballo.

DEMORA NA EXECUCIÓN DA PRESTACIÓN PENALIDADE

Falta grave: Incumprimento dos prazos de 0,6 euros por cada 1.000 euros do execución, sen a previa autorización da prezo do contrato e día de demora Administración. (IVE excluído), ou resolución, á vista da proposta do responsable do contrato.

As penalidades deduciranse das certificacións ou facturas pendentes de abono, unha vez que sexan firmes en vía administrativa.

21^a. MODIFICACIÓN DO CONTRATO

Non se prevé a existencia de modificacións do contrato. Para o caso das modificacións previstas no artigo 205 da LCSP deberá cumprirse algúns dos motivos recollidos e deberá xustificarse polo director de obra.

O director das obras non poderá ordenar nin o contratista poderá executar ningunha actuación que signifique unha modificación contractual sen que previamente se tramite e se autorice polo órgano de contratación, polo que non se poderán certificar unidades de obra no autorizadas previamente polo órgano de contratación.

No caso de que a través do procedemento de modificación contractual se introduzan unidades de obra novas, non previstas no proxecto nin nas melloras que propón este prego, será aplicable ao prezo das mesmas a porcentaxe de baixa ofertada polo adxudicatario na licitación deste contrato.

22ª. EXTINCIÓN DO CONTRATO

Ademais de polo seu cumprimento, o contrato poderá extinguirse polas causas previstas nos artigos 211 e 245 da LCSP, así como pola reiteración de infraccións que supoñan a imposición de penalidades moi graves.

O Concello estará facultado para proceder á resolución do contrato polas causas sinaladas no parágrafo anterior e cos efectos previstos nos artigos 212, 213 e preceptos aplicables da LCSP. Para os efectos de resolución do contrato incoarase un procedemento contradictorio no que se lle outorgue audiencia ao contratista para os efectos de formulación de alegacións e presentación de cantos documentos estime conveniente en defensa dos seus dereitos.

23ª SUBCONTRATACIÓN

O contratista deberá comunicar por escrito ao órgano de contratación, tras a adxudicación do contrato e, como moi tarde, cando inicie a execución deste, a intención de celebrar os subcontratos, sinalando a parte da prestación que se pretende subcontratar e a identidade, datos de contacto e representante ou representantes legais do subcontratista, e xustificando suficientemente a aptitude deste para executala por referencia aos elementos técnicos e humanos de que dispón e á súa experiencia, e acreditando que o mesmo non se atopa incurso en prohibición de contratar de acordo co artigo 71.

O contratista principal deberá notificar por escrito ao órgano de contratación calquera modificación que sufra esta información durante a execución do contrato principal, e toda a información necesaria sobre os novos subcontratistas. No caso que o subcontratista tivese a clasificación adecuada para realizar a parte do contrato obxecto da subcontratación, a comunicación desta circunstancia será suficiente para acreditar a aptitude do mesmo.

A acreditación da aptitude do subcontratista poderá realizarse inmediatamente despois da celebración do subcontrato se esta é necesaria para atender a unha situación de emerxencia ou que esixa a adopción de medidas urxentes e así se xustifica suficientemente.

Os subcontratistas quedarán obrigados só ante o contratista principal que asumirá, por tanto, a total responsabilidade da execución do contrato fronte á Administración, con arranxo estrito aos pregos de cláusulas administrativas particulares e prego técnico.

Os subcontratistas non terán acción directa fronte á Administración contratante polas obrigacións contraídas con eles polo contratista como consecuencia da execución do contrato principal e dos subcontratos.

O contratista está obrigado a abonar aos subcontratistas ou subministradores o prezo pactado nos prazos e condicións determinados na lei.

O Concello poderá comprobar o estrito cumprimento dos pagos que os contratistas adxudicatarios dos contratos públicos deban facer ós subcontratistas e subministradores.

24ª. PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Achegados no procedemento de licitación

Respecto dos datos de carácter persoal que se faciliten na participación do presente procedemento de contratación, informámolo de que este Concello é o responsable do tratamento e garda dos datos achegados na proposición e na documentación que lle acompaña. A finalidade do tratamento dos datos é a xestión deste procedemento de contratación. A lexitimación do Concello para solicitarlle os datos deriva do exercicio dunha competencia propia e potestade pública: a contratación administrativa.

Os datos persoais non serán comunicados a un terceiro, a non ser que deban facilitarse en cumprimento dunha obrigaición legal. Os datos serán conservados o tempo necesario para poder levar a cabo o rexistro e as accións para as que se lle solicitaron.

Pode retirar o consentimento dos datos que autorizou a este Concello a consultar, no caso de que o outorgara, en calquera momento, podendo exercitar os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade, cando este último legalmente proceda, enviando unha comunicación a: dpd@ponteareas.gal

Así mesmo, infórmase do dereito para presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos C/ Jorge Juan, 6, 28001 Madrid (www.agpd.es)

25ª. PRERROGATIVAS DA ADMINISTRACIÓN E XURISDICIÓN

Os actos que se diten no procedemento de adxudicación poderán ser obxecto de recurso de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; así como na Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa.

O órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos e resolver as dúbidas que ofrezan o seu cumprimento. Igualmente, poderá modificar, por razóns de interese público, os contratos e acordar a súa resolución e determinar os efectos desta, dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados na LCSP e no RXLCAP.

As cuestións litixiosas xuridas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos dos contratos administrativos serán resoltas polo órgano de contratación competente, previo informe xurídico, sendo os seus efectos inmediatamente executivos. Os devanditos acordos porán fin á vía administrativa e contra estes procederá o recurso contencioso-administrativo, conforme ao previsto pola lei reguladora da devandita xurisdición, sen prexuízo de que os interesados poidan interpor o recurso potestativo de reposición.

ANEXO I

DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA LICITAR

Nome e apelidos (persoas físicas) ou denominación social (persoas xurídicas):

Enderezo (rúa, número, c.p., poboación, provincia e país):

Nº teléfono/Fax/Correo electrónico

C.I.F./N.I.F.:

REPRESENTANTE

Nome e apelidos:

Enderezo (
N.I.F.:

Nº teléfono y Fax para notificacións

Localidade.....Data.....
.....

EXPÓN E SOLICITA

Que considerando que cumpro cos requisitos de capacidade e solvencia esixidos na normativa reguladora da contratación do sector público solicita ser admitido na licitación denominada CONTRATO DA OBRA do PROXECTO "

DECLARO, BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE, QUE SON CERTOS OS DATOS QUE FIGURAN NO PRESENTE DOCUMENTO, QUE POSÚO A DOCUMENTACIÓN QUE ASÍ O ACREDITA, E:

1.- Que cumpro tódolos requisitos de capacidade e solvencia do empresario establecidos nos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas para participar na licitación.

De xeito expreso, que a empresa á que represento dispón de capacidade xurídica e de obrar e da habilitación profesional necesaria para concertar co Concello de MUXIA este contrato.

2.- Que cumpro cos demais requisitos esixibles polos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas tanto para participar no procedemento de contratación como para ser adxudicatario do contrato.

3.- Que estou en posesión da documentación que acredita o sinalado no parágrafo anterior na data de remate do prazo de presentación de ofertas

4.- AUTORIZA ao concello de Muxía para os trámites de consulta e acceso a datos da empresa en Seguridade Social, Hacienda, Facenda, Deputación Provincial e outros organismos, aos efectos de obtención de certificacións xustificativas de estar ao corrente nas obrigas tributarias e de Seguridade Social ou outros que sexan precisos para a tramitación e resolución de calquer asunto (contratos, bexas, subvencións, axudas, pagos, etc) no que dita empresa tenga relación con dito Concello.

5.- Que nin o asinante da declaración, nin a entidade á que represento, nin ningún dos seus administradores ou representantes, están incurso en suposto algún aos que se refire o artigo 71 da LCSP 2017, nin nunha situación de conflito de intereses co órgano de contratación. Poñeremos inmediatamente en coñecemento do órgano de contratación calquera situación de conflito de intereses ou que poida dar lugar a un conflito de intereses.

6.- Que a empresa á que represento non participou na elaboración das especificacións técnicas ou dos documentos preparatorios do contrato.

7.- Que non forma parte dos Órganos de goberno ou Administración da entidade ningún alto cargo aos que se refire a Lei 3/2015, do 30 de marzo, reguladora do exercicio do alto cargo da Administración Xeral do Estado ou da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas ou tratarse da calquera dos cargos electivos regulados na Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime electoral xeral, nos termos establecidos nesta.

8.- Que a entidade está inscrita no Rexistro de Licitadores que a continuación se indica e que as circunstancias da entidade que nel figuran respecto dos requisitos esixidos para a admisión o procedemento de contratación non experimentaron variación.

-Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (n.º.....).

-Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia (n.º....).

9.- Que a entidade mercantil á que represento (consignar o que proceda):

-Non pertence a un grupo de empresas nin está integrada por ningún socio no que concorran algún dos supostos establecidos no artigo 42 do Código de Comercio.

-Pertence ao grupo de empresas ou está integrada por algún socio no que concorre algún dos supostos do artigo 42.1 do Código de Comercio.

A denominación social das empresas vinculadas é a seguinte:

a)

b).....

10. Que a participación neste procedemento autoriza ao Concello de Muxía para verificar as informacións facilitadas e levar a cabo as comprobacións oportunas. Estas actuacións terán por obxecto loitar contra a fraude, o favoritismo e a corrupción, e previr, detectar e solucionar de modo efectivo os conflitos de intereses que poidan xurdir co fin de evitar calquera distorsión da competencia e garantir a transparencia no procedemento e a igualdade de trato a todos os candidatos e licitadores.

11º) Que se compromete a asumir o cumprimento do citado contrato polo prezo de (en cifras e letra)
de
.....euros,
máis o IVE por importe de.....
.....euros, o
que fai un total deeuros.

2º) QUE OFERTA O SEGUINTE REDUCCION DE PRAZO DE EXECUCION:
_____ %

3º) Que oferta o seguinte prazo de mantemento:

Sinatura electrónica

Cadro características contrato

LOTE 1.

1. PROXECTO	Rehabilitación camiños en zona parcelaria Concello de Muxía:Ozón.	
1 CODIFICACIÓN: 450000000,		
3. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN	Base imponible 18420,98 Importe IVE 3868,41 Total ...22289,39	Anualidade 2024: 22289,39 (IE)
4. VALOR ESTIMADO	Base imponible: 18420,98 20% (modificacións 3684,19 Total VALOR ESTIMADO . 22105,17	
4.BIS. REGULACIÓN HARMONIZADA	<input checked="" type="checkbox"/> contrato non suxeito a regulación harmonizada	
5. APLICACIÓN ORZAMENTARIA	454 61900	
6. PRAZO DE EXECUCIÓN	FIXADO NO PROXECTO: 1 meses. De acordo coa distribución do apartado e deste PCAP.	
7. CLASIFICACIÓN ESIXIDA	<input type="checkbox"/> X Non se esixe	
8. CLASIFICACIÓN PARA EFECTOS DE ACREDITACIÓN DE SOLVENCIA.	Grupo	subgrupo categoría
	_____g	_____ 6 1
	_____	_____
	_____	_____
9. LUGAR DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS	Con carácter exclusivo e excluínte: A <input checked="" type="checkbox"/> Plataforma de contratación do Sector Público https://contrataciondelestado.es B) <input type="checkbox"/> Plataforma de contratos públicos de Galicia	
10. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN	<input type="checkbox"/> A) Tramitación ordinaria: 20 días naturais (Cláusula 11)	
11. DOCUMENTO EUROPEO ÚNICO DE CONTRATACIÓN	NON SE ESIXE	
12. PORCENTAXE SUBCONTRATACIÓN	Non se establece	
13.CONDICIÓN DE EXECUCIÓN	Ver cláusula 27	
14. PERFIL DE CONTRATANTE	Enderezo páxina web concello: concellomuxia.com	
15. GARANTÍA DEFINITIVA	5 % do prezo de final ofertado, IVE excluído.	
16. TAXAS DO		

CONTRATO	
17. REVISIÓN DE PREZOS	A) Obras anuais e plurianuais con prazo inferior a dous anos: NON PROCEDE, salvo determinación legal aplicable.
18. CONTROL DE CALIDADE	Os gastos asúmeos a Administración
19. IMPORTE MÁXIMO DOS GASTOS DE PUBLICIDADE DE LICITACIÓN A CONTA DO CONTRATISTA	NON SE ESIXE. .

20. OUTROS DATOS:

INFORMACIÓN

PERFIL DE CONTRATANTE: concellomuxia.com...
TELÉFONO 981742001

....

21. DATOS DA FACTURA

21.1. IDENTIFICACIÓN DO DESTINATARIO. ENTIDADE LOCAL... Concello de Muxía.
NIF.....P1505300B..

CÓDIGO LO1150525

21.2.- ÓRGANO DECISORIO/XESTOR. ALCALDE/PRESIDENTE
CÓDIGO LO1150525

21.3.- IDENTIFICACIÓN UNIDADE CONTABLE
ENTIDADE LOCAL... Concello de Muxía.

NIF.....P1505300B..

CÓDIGO LO1150525

21.4.- IDENTIFICACIÓN UNIDADE TRAMITADORA ENTIDADE LOCAL... Concello de Muxía.
NIF.....P1505300B..

CÓDIGO LO1150525

22. LUGAR ONDE SE PODEN OBTEN COPIAS DO PROXECTO E PREGO.....Perfil de contratante integrado en Plataforma de Contratación que se indica na epígrafe 9 do cadro de características.

LOTE 2.

1. PROXECTO	Rehabilitación camiños en zona parcelaria Concello de Muxía: Senande.	
1 CODIFICACIÓN: 450000000,		
3. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN	Base imponible 51165,06 Importe IVE 10744,83 Total ...61910,71	Anualidade 2024: 61910,71 (IE)
4. VALOR ESTIMADO	Base imponible: 51165,88 20% (modificacións 10233,18 Total VALOR ESTIMADO . 61399,06	
4.BIS. REGULACIÓN HARMONIZADA	<input checked="" type="checkbox"/> contrato non suxeito a regulación harmonizada	
5. APLICACIÓN ORZAMENTARIA	454 61900	
6. PRAZO DE EXECUCIÓN	FIXADO NO PROXECTO: 1 meses. De acordo coa distribución do apartado e deste PCAP.	
7. CLASIFICACIÓN ESIXIDA	<input type="checkbox"/> X Non se esixe	
8. CLASIFICACIÓN PARA EFECTOS DE ACREDITACIÓN DE SOLVENCIA.	Grupo	subgrupo categoría
	_____g 6 1	_____
	_____	_____
9. LUGAR DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS	Con carácter exclusivo e excluínte: A <input checked="" type="checkbox"/> Plataforma de contratación do Sector Público https://contrataciondelestado.es B) <input type="checkbox"/> Plataforma de contratos públicos de Galicia	
10. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN	<input type="checkbox"/> A) Tramitación ordinaria: 20 días naturais (Cláusula 11)	
11. DOCUMENTO EUROPEO ÚNICO DE CONTRATACIÓN	NON SE ESIXE	
12. PORCENTAXE SUBCONTRATACIÓN	Non se establece	
13.CONDICIÓN DE EXECUCIÓN	Ver cláusula 27	
14. PERFIL DE CONTRATANTE	Enderezo páxina web concello: concellomuxia.com	
15. GARANTÍA DEFINITIVA	5 % do prezo de final ofertado, IVE excluído.	
16. TAXAS DO CONTRATO		
17. REVISIÓN DE PREZOS	A) Obras anuais e plurianuais con prazo inferior a dous anos: NON PROCEDE, salvo determinación legal aplicable.	

18. CONTROL DE CALIDADE	Os gastos asúmeos a Administración
19. IMPORTE MÁXIMO DOS GASTOS DE PUBLICIDADE DE LICITACIÓN A CONTA DO CONTRATISTA	NON SE ESIXE. .

20. OUTROS DATOS:

INFORMACIÓN

PERFIL DE CONTRATANTE: concellomuxia.com...

TELÉFONO 981742001

....

21. DATOS DA FACTURA

21.1. IDENTIFICACIÓN DO DESTINATARIO. ENTIDADE LOCAL... Concello de Muxía.

NIF.....P1505300B..

CÓDIGO LO1150525

21.2.- ÓRGANO DECISORIO/XESTOR. ALCALDE/PRESIDENTE

CÓDIGO LO1150525

21.3.- IDENTIFICACIÓN UNIDADE CONTABLE

ENTIDADE LOCAL... Concello de Muxía.

NIF.....P1505300B..

CÓDIGO LO1150525

21.4.- IDENTIFICACIÓN UNIDADE TRAMITADORA ENTIDADE LOCAL... Concello de Muxía.

NIF.....P1505300B..

CÓDIGO LO1150525

22. LUGAR ONDE SE PODEN OBTENIR COPIAS DO PROXECTO E PREGO.....Perfil de contratante integrado en Plataforma de Contratación que se indica na epígrafe 9 do cadro de características.